

COMO AVALIAR AS FONTES DE INFORMACIÓN DE SAÚDE EN INTERNET

Pódome fiar desta información de saúde que atopei na Internet?




A INFORMACIÓN DE SAÚDE NON É FIABLE EN TODAS AS PÁXINAS WEB

Deberá ser :

- 1.veraz, non confíe en curas milagrosas
- 2.transparente e sen intereses comerciais
- 3.con datas actualizadas
- 4.con autorías identificadas
- 5.con contactos verificables
- 6.avaliada por institucións públicas e profesionais prestixiosos

Fágase estas preguntas para avaliar a fiabilidade desta información:



1

PROVEDOR

Quen está ao cargo do sitio web? Por que nos ofrecen a información? Podemos contactar con eles? Cal é o seu obxectivo?



2

FINANCIAMENTO

De onde procede o diñeiro para manter a páxina? Ten o sitio web anuncios publicitarios? Están estes debidamente etiquetados como anuncios?



3

CALIDADE

De onde está tomada a información médica do sitio? Como se selecciona o contido? Son expertos os que revisan e crean a información publicada? A información está avaliada por unha sociedade médica ou unha institución sanitaria pública? Está actualizada a información? Ten bibliografía actual e contrastada que avala á información? Ollo se fan informacións increíbles de curación!



4

PRIVACIDADE

Solicitan a súa información persoal? Explican como utilizarán os seus datos persoais? Síntese cómodo coa forma en que utilizarán os seus datos?



A INFORMACIÓN EN INTERNET NON SUBSTITÚE A OPINIÓ MÉDICA

A colaboración entre o médico e o paciente conducirá á toma das mellores decisións na súa enfermidade.

Recomendámoslle que utilice as fichas do portal <https://esaude.sergas.es> para localizar información elaborada, seleccionada ou revisada por profesionais do Servizo Galego de Saúde.